

ADDENDA PROGRAMACIÓN FILOSOFÍA CURSO 2021/22

Criterios xerais para a modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

Tras a publicación da Orde de 25 de xaneiro de 2022 no Diario Oficial de Galicia do 11 de febreiro, procedemos á modificación dalgúns aspectos da programación didáctica do Departamento de Filosofía coa intención de adaptala aos novos criterios de avaliación e cualificación establecidos na devandita Orde pola Consellería de Educación.

1. Procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

No presente curso hai 3 alumnos/as de 2º ESO coa materia de VALORES ÉTICOS de 1º ESO pendente, e dúas alumnas de 2º BAC coa materia de FILOSOFÍA de 1º BAC pendente. Realizamos as probas trimestrais correspondentes e está feita a convocatoria de exame final para o martes 10 de maio ás 11.20 na biblioteca do centro. De non superar esta proba, se proporcionará ao alumnado material de seguimento para entregar nas sesións de clase (1 por semana) unha vez rematada a 3ª avaliación.

2. Criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3º avaliación e avaliación final na ESO.

No caso do alumnado que non superou unha, dúas ou ningunha, das avaliacións, o/a docente da materia correspondente, proporcionará en cada unha das sesións unha serie de actividades de reforzo que o alumnado fará e entregará o remate de cada unha delas. Ademais, este alumnado terá unha proba escrita da avaliación ou avaliacións non superadas.

A ponderación da nota da avaliación realizarase do seguinte xeito: un 40% da nota resultará da realización das actividades por sesión e un 60% da cualificación da proba escrita. A nota final será a media das tres avaliacións, tal e como se recolle na programación do Departamento de Filosofía.

Por outra banda, o alumnado que superou as tres avaliacións pode mellorar a nota realizando actividades de ampliación das avaliacións nas que non se acadou a máxima nota. O alumnado fará ditas actividades durante as sesións posteriores á recepción da cualificación da materia no mes de xuño, entregándoas ó remate de cada sesión. A correcta realización das devanditas actividades poderá aumentar ata 1 punto na cualificación da materia ao remate do 3º trimestre.

3.- Criterios xerais nas actividades de preparación de probas extraordinarias e as actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.

No caso do alumnado que non superou unha, dúas ou ningunha, das avaliacións, o/a docente da materia correspondente, proporcionará en cada unha das sesións unha serie de actividades de reforzo que o alumnado fará e entregará o remate de cada unha delas. Ademais, este alumnado terá unha proba escrita da avaliación ou avaliacións non superadas.

A ponderación da nota da avaliación realizarase do seguinte xeito: un 40% da nota resultará da realización das actividades por sesión e un 60% da cualificación da proba escrita. A nota final será a media das tres avaliacións, tal e como se recolle na programación do Departamento de Filosofía.

O alumnado que superou a materia realizará actividades de ampliación cos que dar conta de todos aqueles aspectos esenciais para acadar un óptimo desenvolvemento competencial, pero que durante o transcurso do curso ocuparon un lugar secundario en función das necesidades dos grupos.

4. Criterios xerais nas actividades de preparación de probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.

Seguindo a liña marcada na Programación Didáctica, a ABAU marcará as directrices do traballo que se realizará nos cursos de segundo de Bacharelato. Por iso, durante este período faranse actividades de repaso para a preparación da proba extraordinaria, sendo o comentario de texto o elemento central a traballar na materia de Historia da Filosofía.

Naquelas materias optativas, propias do departamento como sucede no curso actual coa Psicoloxía, mantéñense os criterios recollidos na Programación Didáctica:

realizaranse actividades de recuperación por cada un dos procedementos e instrumentos de avaliación empregados. Isto é, faranse actividades orientadas á preparación de traballos de investigación e comentario de texto, xunto ás de repaso de tarefas propias das probas escritas correspondentes. Nesta materia o 40% da nota será froito da cualificación destas actividades de recuperación e o 60% da devandita proba escrita.